

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE ABRIL DE 2014

LICENZAS

LIC/82/2013.- M^a DEL CARMEN VIEITES LISTE.- Conceder a licenza para a construción de vivenda unifamiliar no Lugar Xulacasa.

3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa a denegación de axuda de carácter social.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Benestar denegar a solicitude dunha axuda social por superar a interesada o límite de recursos estipulado nos requisitos para axudas de actividades.

4.- Servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela.

Á vista do erro detectado neste expediente que fora aprobado na XGL do 10 de abril de 2014, a XGL aprobou hoxe a subsanación do mencionado erro de forma que, no acordo adoptado na XGL do 10 de abril onde di: apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, debe decir: apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto.

5.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os beneficios.

6.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de bonificación no imposto sobre bens inmobles.

Concédense os beneficios.

7.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exención no imposto sobre bens inmobles á Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

Á vista da solicitude da Fundación Gonzalo Torrente Ballester de data 15 de novembro de 2013, a XGL tivo a ben aprobar a proposta da Concelleira de Facenda que recolle a concesión de exención á Fundación Gonzalo Torrente Ballester no pago do IBI, tal como se establece na normativa vixente. Este dereito queda recoñecido para o ano 2013 e seguintes mentres a entidade non renuncie a dito réxime.

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á desconsignación e pago de parte do prezo xusto do proxecto de expropiación dos terreos non incorporados á Xunta de Compensación do SUP-4 de Conxo.

A proposta da Concelleira de Desenvolvemento Sostible e Urbanismo a XGL aprobou a desconsignación por importe de 3.224,88 € e o pago de parte do prezo xusto do proxecto de expropiación dos terreos non incorporados á Xunta de Compensación do SUP-4 de Conxo. O prezo fixado polo Xurado de Expropiación Forzosa estableceuse en 7.900,89 € co que resta por aboar a diferenza 4.676,01 €.

9.- Proposta da concelleira delegada de Turismo relativa á aprobación da memoria e orzamento de actividades e calendario para a execución da campaña on-line para promoción en Europa de Santiago; solicitude á Deputación da Coruña dunha subvención

para o seu financiamento,e encomenda a INCOLSA SA da execución das accións incluídas.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Turismo na que se recollen as actividades a desenvolver no proxecto “Campaña on-line para a promoción en Europa de Santiago de Compostela”.

Con esta campaña promoverase activamente a Santiago de Compostela, e por extensión a Galicia, como destino internacional de vacacións e como un centro de negocios atractivo. Oriéntase a internet xa que a rede está a ter cada vez un papel máis importante no mundo para as comunicacións, información e difusión dado o número de potenciais viaxeiros que planifican as súas viaxes a través de internet.

Avalíaranse as páxinas máis axeitadas para a difusión desta campaña e farase en sete idiomas para que chegue o maior número de viaxeiros posibles. Con esta acción os internautas contarán cun enlace á unha completa información sobre a nosa cidade para que a consideren sitio de destino das súas viaxes.

URXENCIAS

1.-Proposta da Concelleira de Educación sobre o IX Certame de Danza Intercentros.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Educación a memoria das actividades do IX Certame de Danza Intercentros para idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos dos seguintes Centros e cos estes tipos de danza:

C- San Xosé de Cluny – Clásica e moderna.

CEIP Pío XII - Clásica e moderna.

CEIP López Ferreiro - Clásica e moderna.

IES Xelmírez I – Moderna.

IES Rosalía de Castro – Moderna.

CEIP Das Fontiñas – Moderna.

C. Divino Maestro – Moderna.

Total bailaríns: 224

Total asistentes: sobre 1.010 persoas por actuación.

Entre os obxectivos desta actividade atópanse achegar a danza á cidadanía, desenvolver a autonomía e iniciativa persoal e a competencia cultural e artística, así como a sensibilidade musical entre outros.

Este Certame celebrarase na Sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia no mes de maio. A financiación deste Certame será aporta pola Deputación de A Coruña e terá un custo aproximado de 6.809,46 €.